

Acta de concesión a Vítor Vaqueiro da XXVI edición da Homenaxe “O Escritor na súa Terra – Letra E”

Non sei se é lícito comezar unha andaina con temores. Probablemente a pedra non tema, pero o autor tivese algún de cando en vez.

Porén, sei que a vida camiña nunha balanza de desequilibrios e por iso, hoxe, son eu quen toma a palabra de Mercedes Queixas, e viste este acto no contexto da súa relevancia. É unha tarefa difícil, ela ten a experiencia, o coñecemento, o saber, a presenza... Eu dou un paso adiante, coma aquel Armstrong que saltaba da nave á Lúa, mais ao revés, sabendo que o noso acto, esta alancada, é pequeno na súa forma pero enorme na repercusión da creación da cultura dun país, e da voz literaria dun pobo.

A escolla de Vítor Vaqueiro realízase, coma sempre, na Asemblea Xeral Ordinaria Anual de Socios e Socias da AELG, e hai acordo unánime, como non pode ser doutro xeito. E as que levades anos observando esta homenaxe sabedes que a vontade deste momento fica alén do instante onde se realiza. A vontade deste xesto recoñece a traxectoria, a loita, a creación, a teimosía por afondar na nosa literatura e construír patrimonio inmaterial de pensamento e goce das palabras en todos os beizos que se acheguen a elas.

Neste momento, na incerteza, no desequilibrio, é preciso que as voces que teceron camiño, como a do homenaxeado, sigan no pulo visionario da continuidade. Que avancen, que nos axuden a avanzar.

Que a máscara que temos a obriga e necesidade de levar, semellante á que tantas veces no teatro se volve se volve liberadora, adquira esa dimensión e nos axude a reivindicar esta cultura segura.

No momento da supervivencia, precisamos dunha nova supervivencia, de vivir cara arriba, de sobrepoñernos, de sermos quen realmente queremos ser. E así, querendo falar das nosas letras vivas, a través desta xornada complementaria á celebración do Día das Letras Galegas, neste acto soñador e realizado en comunidade e en resistencia cara os múltiples atrancos deste tempo, revivimos.

Revivimos da man dunha figura clave do noso presente literario, desde a súa voz, desde a poesía, desde a filosofía de toda unha existencia dedicada á literatura.

O escritor na súa terra. A letra E. A letra viva que nos reivindica e marca a xeografía dunha intención artística.

É difícil manterse ergueitos ante tanta dificultade, pero a recompensa é marabillosa e todas as voces das autoras e autores en lingua galega, desde a forza da nosa asociación e a súa intencionalidade de recoñecer a valía e o valor dos axentes culturais, gaña hoxe outro acorde para esta gran sinfonía. E todas as olladas que percorran este lugar, repousarán nunha mensaxe escrita en pedra.

O espazo físico queda modificado, e non hai cicatriz, senón insignia perdurábel da obra de Vitor Vaqueiro. Unha vez máis, estamos facendo historia.

A Asemblea Xeral da AELG do 15 de febreiro de 2020 acordou nomear Vitor Vaqueiro como Socio de Honra da AELG, en convivio de irmandade con aqueloutras figuras insignes da historiografía literaria galega recente que a precederon nas edicións anteriores: Antón Avilés de Taramancos, Bernardino Graña, Manuel María, María Xosé Queizán, Xosé Neira Vilas, Uxío Novoneyra, Luz Pozo Garza, Xosé Chao Rego, Xosé Fernández Ferreiro, Salvador García-Bodaño, Pura Vázquez e Dora Vázquez, María do Carme Kruckenberg, Manuel Lourenzo, Xosé Vázquez Pintor, Agustín Fernández Paz, Marilar Aleixandre, Paco Martín, Xavier Rodríguez Baixeras, Marica Campo, Xabier P. DoCampo, Xosé María Álvarez Cáccamo, Helena Villar Janeiro, Pilar García Negro, Nacho Taibo e Pilar Pallarés.

Anna R. Figueiredo
Parque de Galeras
Santiago de Compostela, 19 de setembro de 2020